

**ASISTENTES:**

**Presidenta:**

Dona Dolores Fernández Galiño

**Vicepresidenta:**

Dona Mariía Xosé Porteiro García

Vogais:

**Pola Xunta de Galicia**

D. Javier Enrique Fraga Campo

**Polo Consello Consultivo**

Dona Ana María López Guizán

**Polo Consello de Contas**

D. Manuel José Santana Suárez

**Pola Federación Galega de Municipios e Provincias**

Dona Lucía González Louro

**Secretario:**

Don Santiago González Serrano

En Santiago de Compostela ás 12.00 horas do día 21 de xullo de 2020, en sesión realizada por videoconferencia, e con asistencia das persoas indicadas á marxe, en sesión convocada por vía electrónica pola súa presidenta o día 14 de xullo de 2020, ten lugar a XLIV sesión ordinaria da Comisión da Transparencia de Galicia.

Na mesma procédese de acordo coa seguinte orde do día:

**1. - Saúda**

A presidenta inicia a sesión cunha benvida aos membros. Constátase a existencia de quórum suficiente para a celebración da reunión.

**2. - Aprobación, se procede, da acta da sesión do 30 de xuño de 2020.**

Constátase o envío da acta da sesión XLIII . Estando conformes todos os membros presentes apróbase por asentimento.

**3. - Resolución, se procede, dos expedientes tramitados**

Apróbanse por unanimidade, tras o seu estudo e por asentimento as propostas de resolución dos seguintes expedientes:

Nº	Sentido
RSCTG/36/20	Desestimación
RSCTG/37/20	Desestimación
RSCTG/40/20	Desestimación
RSCTG/41/20	Estimación
RSCTG/42/20	Estimación

Nº	Sentido
RSCTG/55/20	Desistencia
RSCTG/59/20	Estimación
RSCTG/60/20	Inadmisión
RSCTG/63/20	Inadmisión
RSCTG/66/20	Inadmisión

Respecto dos expedientes RSCTG 36/2020, RSCTG 37/2020, acórdase engadir na motivación das resolucións a referencia ao criterio cuantitativo.

**5. Determinación da data da próxima reunión da Comisión.**

Acórdase manter a celebración da seguinte reunión o 22 de Setembro de 2020 ás 12.00 horas.

**6. Rogos e preguntas**

Non se formulan rogos ou preguntas.

Non habendo máis cuestións que tratar, sendo as 12.35 horas da tarde levántase a sesión, da que se estende a presente acta.

Maria Dolores Fernández Galiño  
**Presidenta de la Comisión da Transparencia**

Santiago González Serrano  
**Secretario da Comisión da Transparencia**